

22 de xaneiro de 2022

II Ranking Galego de Espada M15 e M17, feminino e masculino
II Encontro Liga de Miniesgrima de Espada M-13, feminino e masculino

Deputación DA CORUÑA
DEPORTE GALEGO
NON á violencia de xénero
San Departamento Municipal de Deportes de Santiago
CONCELLO DE SANTIAGO

INSCRICIÓN

A inscrición é imprescindible para participar, e poderá efectuarse ata o martes 18 de xaneiro ás 20:00, segundo o procedemento de inscrición a torneos establecido pola Federación Galega de Esgrima (FGE). Por mor da situación sanitaria, este ano acéptase unicamente a inscrición de tiradores federados en clubs adscritos á FGE.

SEDE

O Concello de Santiago de Compostela cede o Pavillón de Pontepedriña. Rúa do Escultor Camilo Otero. Coordenadas GPS: 42.867249, -8.546111

RETRANSMISIÓN EN DIRECTO

A competición retransmitirase en directo pola canle de YouTube de ***Esgrima Directo*** co apoio da Federación Galega de Esgrima.

PROGRAMA

Categoría	Chamada	Inicio
Directorio técnico e organización		08:30
M13 Mixta (espada curta)	09:00	09:30
M15 Masculina	11:30	12:00
M15 Feminina	13:15	13:45
M17 Masculina	15:15	15:45
M17 Feminina	16:15	16:45

Os horarios son provisionais, podendo sufrir variacións en función da inscrición e as condición sanitarias. De haber cambios, confirmaranse ao rematar o período de inscrición ou á maior brevidade posible.

Entrega de premios ao rematar cada categoría. De acordo coa normativa vixente, as competicións de categoría M15 non comezarán ata que remate a de categoría M13. As competicións de categoría feminina poderían solaparse coas de categoría masculina si a inscrición e o aforo o permiten.

ARBITRAXE

Os clubs achegarán OBRIGATORIAMENTE os árbitros establecidos na normativa vixente da FGE en función dos deportistas ***inscritos***. Se a inscrición non require a achega de árbitro, o club abonará 10€ por deportista inscrito como taxa de arbitraxe, ou terá a opción (unicamente si o comunica no momento da inscrición) de achegar un árbitro.

A efectos de achega de árbitros, computarase a inscrición de cada club en tódalas categorías. De acordo coa normativa vixente, os árbitros deberán estar a disposición da organización durante todo o evento. Se algún club ten problema para localizar árbitros dispoñibles, por favor, consultar coa organización.

NORMATIVA DE COMPETICIÓN

A Competición efectuarase segundo a normativa deportiva da Federación Galega de Esgrima, o protocolo FISICOVID aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte e a FGE e as condicións de cesión da instalación do Concello de Santiago de Compostela.

Agradécese a todos os implicados que poñan o máximo interese no cumprimento das normas sanitarias, que de seguro permitirá manter a ausencia de incidentes que ven caracterizando ao noso deporte durante toda a tempada.

- Realizarase control de acceso á instalación, con medida de temperatura e limpeza de mans e calzado. Superado o control de acceso, os deportistas depositaran o seu material nunha zona especialmente habilitada para cada club (ver plano adxunto).
- Non está permitida a presenza de público. So poderán acceder á instalación os deportistas, adestradores, árbitros, técnicos e responsables de clubs, da Federación Galega de Esgrima e da organización. Só se pode acceder á instalación con calzado deportivo.
- Non se permite comer na instalación.
- Os vestiarios permanecerán abertos, agás as duchas.
- O aforo máximo da instalación establécese en 40 persoas. De superarse o aforo, so os deportistas en pista e previdos poderán permanecer na instalación, agardando os demais na zona cuberta de acceso á instalación a disposición dos árbitros para ser chamados. Si as condicións meteorolóxicas o permiten, e sempre dentro do aforo da instalación, utilizarase tamén o **patio aberto interior** (ver plano) como zona de espera de tiradores para ser chamados a pista.
- E obrigatorio o uso de máscara hixiénica homologada durante toda a competición, que so poderá substituírse durante o tempo de asalto cos dispositivos especialmente homologados. Disporase de material de limpeza de superficies para rulos, pasantes e partes dos equipos de marcación que poidan compartirse.
- Os deportistas que rematen a competición deberán abandonar a instalación. A saída deberá facerse polo acceso especialmente habilitado (ver plano).



Espazos habilitados en grada:
por determinar

ENTRADA
PERCORRIDO ENTRADA
SAÍDA
PERCORRIDO SAÍDA

ZONA RESTRINXIDA
PUNTO DESINFECCIÓN
ENFERMERÍA

SALA DE ILLAMENTO
ASEOS
ALMACÉN

PAVILLÓN DE PONTEPEDRIÑA

PROTOCOLO COVID

DEFINICIÓN ESPAZOS

CONCELLO DE SANTIAGO